DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 28· **Abril 2023**



“As persoas coa síndrome de Down somos persoas dignas de todo dereito”

Ourense acolle o acto central que pide derrubar estereotipos para camiñar cara a inclusión

As administracións, medios e o eido da educación apoian a campaña de visibilización

Diferentes actos locais das entidades enchen Galicia de reivindicacións

Down Galicia lanza a **Guía de recursos de atención sanitaria** ➜

Todas as fotos do 21M

Índice

21M / Así foi o acto central do Día Mundial en Ourense 2

21M / Actos locais por toda a xeografía galega 6

21M / 'Non son un estereotipo', a campaña deste ano 13

21M / Apoio de administracións, medios e a educación 15

21M / Esgotada a taza Down, o produto deste 21M 17

Down Galicia lanza a Guía de recursos de atención sanitaria 18

As entidades Down fan os seus centros máis accesibles 19

Reivindicacións no Día Internacional da Educación 21

Actualizada a Guía de Orientación 22

Down Coruña e Teima, premiadas pola Deputación 23

Down Compostela expón o labor en competencias dixitais 25

"Estou contenta de ter traballo para toda a vida" 26

Down Vigo e Carrefour amplían a súa colaboración 28

Carlota asina o seu primeiro contrato de traballo 29


Séguenos, subscríbete e contacta 30

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Acto de sensibilización de Down Vigo polo 21M



Rubén Yáñez e Pepe González, presentadores do acto

ESPECIAL 21M

As persoas coa síndrome de Down reclaman en Ourense a fin dos prexuízos no Día Mundial da síndrome de Down

O Teatro Principal de Ourense foi o escenario escollido pola Federación Down Galicia e pola Asociación Down Ourense para conmemorar un novo Día Mundial da Síndrome de Down. Nun acto que mesturou unha parte institucional con distintas experiencias de vida, as persoas coa síndrome de Down foron as verdadeiras protagonistas, poñendo de manifesto que están cansas de que as etiqueten e de todos os prexuízos que existen sobre elas, e reclamando, un ano máis, os seus dereitos.

"As persoas coa síndrome de Down somos persoas dignas de todo dereito. Temos dereito a participar na vida comunitaria e a ser persoas autónomas e independentes. Temos dereito a estudar, a traballar, a querer, a divertirnos e a relacionarnos. Temos dereito a explorar, a experimentar e a decidir. E merecemos as mesmas oportunidades que os demais para facer o que desexamos e para equivocarnos", demandaron.

As persoas encargadas de conducir este acto conmemorativo foron o coñecido locutor de radio Pepe González e Rubén Yáñez, mozo usuario de Down Ourense. Cristina Abadín e Verónica Pardellas, pola súa banda, foron as encargadas de dar lectura ao Manifesto do 21M, dando así voz ao colectivo e facendo fincapé en que as persoas coa síndrome de Down, coma calquera outra, queren vivir a vida que elas elixan.

Un acto con reivindicacións en primeira persoa

No acto interviñeron o alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome; o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña; a deputada de Igualdade, Benestar, Servizos Sociais e Emprego da Deputación de Ourense, Luz Doporto Real; a presidenta de Down Ourense, Sonia González Sánchez; e o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto González.

A benvida correu a cargo da presidenta de Down Ourense, que aproveitou a súa quenda de palabra para agradecer a asistencia de tódalas persoas asistentes. Sonia González deu a benvida ao evento destacando o percorrido da entidade durante os seus 20 anos de existencia e sinalando que, aínda que neste tempo "as persoas coa síndrome de Down gañaron cotas de visibilidade, de autonomía e de exercicio efectivo de dereitos, queda moito por facer". Ademais, González insistiu en que desde as entidades Down de Galicia seguirán "defendendo con convencemento que as persoas coa síndrome de Down teñen voz propia, e que o que realmente necesitan, son oportunidades para facerse oír".

O presidente de Down Galicia, pola súa parte, quixo comezar a súa intervención felicitando a Down Ourense polo seu 20 aniversario e poñendo en valor "o gran traballo e o camiño percorrido nestas dúas décadas". Continuou o seu discurso recordando a importancia que teñen os cambios lexislativos, dos que di que "son moi lentos, pero tremendamente necesarios". Prieto deixou claro que "o léxico xoga un papel fundamental no cambio das realidades e as mentalidades" e que é vital "na loita contra os estereotipos existentes".

O presidente de Down Galicia aproveitou tamén a presenza institucional dos representantes autonómicos, provinciais e municipais para instar ás administracións a "poñer o seu gran de area na posta en funcionamento do novo local de Down Ourense", que está inmersa nun cambio de sede por quedarse a actual moi pequena para o número de persoas usuarias que precisan dos servizos ofrecidos. Por último, Prieto destacou que "estes actos serven de recoñecemento a todas as entidades que están presentes nas 7 cidades principais de Galicia, xa que sen a unión de todos non tería sido posible avanzar en inclusión".

Ademais das intervencións das autoridades presentes, as persoas asistentes a este acto puideron desfrutar de varios relatorios protagonizados por profesorado, empresarios locais, familias e persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, que puxeron de manifesto a importancia da inclusión socio-laboral a través de diferentes experiencias de vida en ámbitos como a educación, o emprego ou a vida independente.



Espazo de experiencias de vida no acto



Premiados xunto a Delmiro Prieto e Sonia González

Entrega dos VIII Premios Down Galicia

A Federación entregou nesta ocasión os VIII Premios Down Galicia, que teñen por obxecto recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down, levado tanto por organizacións como por particulares.

O premio na categoría institucional foille concedido a Rodríguez López Auto pola súa sensibilidade e larga traxectoria de apoio incondicional á inclusión laboral, tendo a dúas persoas contratadas no seu equipo de traballo desde hai máis de 10 anos. Mentres, na categoría de persoa particular, o galardón foille concedido a Ana Belén Fernández, psicomotricista do Complexo Hospitalario de Ourense, pola súa desinteresada colaboración para impulsar no ano 2003 a creación de Down Ourense e polo acompañamento que brinda ás novas familias desde a súa unidade de atención temperá.

Ademais, con motivo do 25 aniversario de Down Galicia, outorgouse un Premio Extraordinario á firma internacional de servizos legais Garrigues, pola súa desinteresada colaboración coas entidades Down, achegando sempre unha resposta satisfactoria ás súas consultas e facéndoo dun xeito eficaz.

O premio consiste nun recoñecemento simbólico e na entrega dunha figura da imaxe Down do artesán galego Fernando Porto.

O acto rematou coa actuación da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, que deleitou a todo o público coa interpretación de dúas pezas acompañadas dun estupendo espectáculo.



ACCEDE ÁS FOTOS DO ACTO CENTRAL DO 21M!

As entidades Down enchen Galicia de reivindicacións con accións locais

As entidades Down de Galicia tamén realizaron o 21 de marzo diversos actos locais polo Día Mundial da Síndrome de Down. As persoas usuarias e familias de Pontevedra, Lugo, Vigo, Compostela e Ferrol saíron á rúa a reivindicar os seus dereitos e dar visibilidade ao colectivo.

Down Vigo realiza diferentes actos pola cidade

A asociación Down Vigo organizou durante as últimas semanas varios actos para conmemorar o Día Mundial da Síndrome de Down. Así, a entidade planificou actos en varios puntos da cidade, coa intención de dar visibilidade á inclusión real e romper os estereotipos que, aínda a día de hoxe, permanecen na sociedade.

O venres 17 de marzo celebrouse o I Desfile Inclusivo, en colaboración con Decathlon, no escenario Vigo Exporta do centro comercial Vialia. Trátase dunha iniciativa solidaria que buscaba sensibilizar acerca dos valores do deporte: cooperación, esforzo e traballo en equipo. Persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais compartiron pasarela con traballadores e traballadoras de Decathlon, para entre todos mostrar que calquera deporte pode ser unha ferramenta de desenvolvemento individual e colectivo.

Fútbol, baloncesto, tenis, sendeirismo, natación, escalada… Todas as modalidades deportivas estiveron representadas na pasarela, que puideron desfrutar todas as persoas que abarrotaron o espazo Vigo Exporta, escenario da iniciativa. Sara, que forma parte da entidade, e Diego, traballador de Decathlon, foron os presentadores dos seus propios compañeiros e compañeiras, e amenizaron o acto xunto ao saxofonista Diego Caride, que durante máis dunha hora ofreceu un concerto de música en directo. Como explicou Sara, “estamos aquí para demostrar que achegamos valor á sociedade e que todos sumamos”.

O proxecto completouse co taller infantil ‘Pinta o teu calcetín’, impartido por Ludiland, no que seis nenos e nenas que asisten á entidade compartiron espazo co resto de cativada do centro comercial para decorar os seus propios calcetíns desemparellados.

Xa o propio Día Mundial da Síndrome de Down inaugurouse na planta baixa do centro comercial Gran Vía a exposición ‘Donde puede ser’, un proxecto colaborativo no que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais dan visibilidade ás diferentes realidades.

Así, coa iniciativa dos calcetíns desemparellados explícase de forma moi visual que ningunha persoa é igual a outra e iso é, precisamente, o que nos enriquece como sociedade.
A exposición pódese visitar ata o 2 de abril.



Acto de Down Vigo no centro comercial Gran Vía

Xuntos sensibiliza a contorna pontevedresa

Con motivo do Día Mundial da síndrome de Down, que se conmemorou en todo o mundo, Down Pontevedra Xuntos quixo reivindicar a importancia da inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais colocando unha gran pancarta na balconada da Casa da Luz, situada na histórica Praza da Verdura.

Neste evento, Manuel Pérez Cabo, presidente de Xuntos, Paula Villaverde Gondar, coordinadora da entidade; e Laura Carballa e Laura Pérez, persoas usuarias da asociación, estiveron acompañados polo alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores; a concelleira de Cultura, Carme Fouces; a concelleira de Promoción económica, Yoya Blanco; o concelleiro de Benestar Social, Marcos Rey; e o voceiro do grupo municipal socialista, Iván Puentes.

O presidente de Xuntos, Manuel Pérez Cabo, destaca que "o Día Mundial da Síndrome de Down é unha xornada para loitar contra os estereotipos que rodean ás persoas con esta alteración cromosómica" e salienta que "Down Pontevedra Xuntos leva 32 anos traballando pola inclusión e a eliminación de barreiras que impiden a súa participación social".

Ademais destes actos, Down Pontevedra Xuntos está a participar tamén en distintas actividades durante estas semanas co obxectivo de sensibilizar á sociedade sobre as capacidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

O CEIP A Lama (A Lama), o CPI Julia Becerra Malvar (Ribadumia), o Colexio Plurilingüe Abrente (Sanxenxo) e a Escola infantil O Grupo (Marín) son os centros educativos nos que profesionais e persoas usuarias da entidade están a dar visibilidade á importancia de que todos os nenos e nenas compartan espazo nas aulas.

Ademais de nos mencionados centros educativos, tamén se realizou unha xornada de sensibilización no CAB Pontevedra, onde se fixo fincapé na importancia do deporte inclusivo para as persoas con algún tipo de discapacidade e se puxo de manifesto o moito que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poden ofrecer á sociedade da que forman parte.



Acto de Xuntos no centro da vila



Acto de Down Lugo diante do concello

Down Lugo sae á rúa para reclamar os seus dereitos

Con motivo do Día Mundial da síndrome de Down, a asociación Down Lugo colocou na Praza Maior da cidade unha mesa informativa e unha exposición fotográfica sobre emprego inclusivo para dar visibilidade ao traballo da entidade e sensibilizar acerca das capacidades das persoas coa síndrome de Down.

Xa pola tarde, a asociación organizou unha andaina reivindicativa, na que participaron persoas usuarias da asociación, familiares, voluntarios e voluntarias da Asociación Sénior de Telefónica de Lugo (Astelu) e representantes de distintas institucións. Esta camiñada, que percorreu as rúas do centro da cidade, rematou na Praza Maior coa lectura do Manifesto pola Promoción da Autonomía Persoal.

Deste xeito, os mozos e mozas da asociación encargáronse de desbotar mitos e prexuízos sobre a síndrome de Down, e reivindicaron unha vez máis os seus dereitos como cidadáns e cidadás de pleno dereito, incidindo na importancia da inclusión e da eliminación das barreiras existentes na contorna.

Teima reivindica a inclusión

Os membros de Teima Down Ferrol deron lectura na Praza de Galicia ao Manifesto do 21M, unha proclama reivindicativa coa que buscan reclamar os seus dereitos.

Tralo alumeado en cor azul e amarelo do Teatro Jofre con motivo desta efeméride, Juanjo, Iago, Ceci e Dani alzaron a súa voz para recordar o moito que aínda queda por facer en materia de inclusión social e para reclamar a fin dos estereotipos e dos prexuízos vencellados ás persoas coa síndrome de Down.

Xeneralizacións como que son todos cariñosos, ou algunhas máis despectivas referidas a que levan unha vida sen aspiracións nin metas ou que representan unha carga familiar, contradinse coa realidade que viven as propias persoas coa síndrome de Down hoxe en día. Elas teñen vidas plenas, cargadas de ilusións e proxectos, e por iso reivindican unha imaxe acorde coa autonomía da que xa gozan e que lles dá acceso a unha vida sen límites.

Xunto cos teimudos e teimudas estiveron diferentes representantes de colectivos políticos, culturais, veciñais e sindicais da cidade.

Ademais do Teatro Jofre e grazas á colaboración do concello, os días 20 e 21 de marzo iluminároonse tamén a fonte del Cantón de Molíns, a rúa Magdalena e os tramos da rúa Terra, a rúa Real e a rúa Rubalcava, que rodean a Praza de Armas.



Acto de Teima ante a fachada do Teatro Jofre

Down Compostela entrega os seus décimos premios

"Somos moito máis que estereotipos. Somos persoas activas, con metas e aspiracións, que progresamos se se nos da a oportunidade", asegurou esta noite Pepa Lockhart durante a gala de entrega dos X Premios Down Compostela, que xuntou a máis de 250 persoas no Hostal dos Reis Católicos, na que se recoñeceu o traballo de Burger King, José María Fernández e a Escola de Música Play. A gala estivo presidida polo alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, a conselleira de Política Social e Xuventude, Fabiola García Martínez, e a deputada provincial Mila Castro.

A moza compostelá coa síndrome de Down, que presentou a gala xunto a Susana López, asegurou que a "vida non está marcada polo xénero, a orixe, a idade nin a condición xenética" de cada persoa. Durante a gala, coa que a Fundación conmemora o Día Mundial da Síndrome de Down, Pepa quixo "facer oír a voz" das persoas con trisomía 21 e "reclamar os nosos dereitos".

Nun sentido similar se manifestou o presidente da Fundación, Juan Martínez, quen asegurou que para conseguir unha sociedade "máis igualitaria, máis xusta e máis próspera" é necesario "aproveitar as cualidades de cada persoa e buscar confluencias en vez de confrontacións". Neste sentido agradeceu o traballo e o exemplo dos premiados pola Fundación, por darlles unha oportunidade ás persoas coa síndrome de Down no eido laboral, musical e axudándolles a dar visibilidade a todo o que poden facer.

A Fundación Down Compostela recoñeceu este ano cos seus premios á empresa Burger King, polo seu firme compromiso coa inclusión laboral; á escola de música Play, por entender como poucos que o mundo da arte non ten fronteiras; e ao empresario José María Fernández 'Chema', polo seu compromiso con Down Compostela desde o seu nacemento.

Burger King

Desde 2019 a cadea de restaurantes asentada en Santiago vén apostando por ofrecer oportunidades laborais ás persoas con discapacidade intelectual. A día de hoxe Burger King ten contratados con carácter indefinido a tres mozos de Down Compostela: Álvaro, Alex e Fran. Contratos indefinidos firmados, ademais, en plena pandemia.

Escola de Música Play

Varios mozos de Down Compostela, asisten semanalmente a recibir a súas ensinanzas na Escola de Música Play, xunto a outros compañeiros e compañeiras sen discapacidade. E non só clases. Tamén concertos e múltiples actividades que organiza o centro e onde as persoas con discapacidade son unha máis,.

José María Fernández, 'Chema'

Dono da xoiería Jael, José María Fernández 'Chema' amosou un apoio incondicional a Down Compostela desde a súa creación. Como empresario, poñendo á venda produtos como a pulseira solidaria en beneficio de Down Galicia, ou patrocinando actos, entre outras cousas



Premiados e autoridades no acto de Down Compostela

As entidades Down de España lanzan a campaña "#NoSomosUnEstereotipo, somos mucho más" polo 21M

Desde a Federación Down España e o resto de entidades Down do país queremos dar un paso máis aló na loita pola inclusión social das persoas coa síndrome de Down este 21 de marzo. O obxectivo da nosa nova campaña é cambiar a forma de ver ás persoas coa síndrome de Down, unha forma de miralos que a miúdo está cargada de prexuízos e estereotipos que dificultan a súa inclusión na sociedade.

Xeneralizacións como as de que son todos cariñosos ou uns anxos ou algunhas máis despectivas referidas a que levan unha vida sen aspiracións nin metas, ou a que son persoas inactivas, que representan unha carga familiar, etc. contradinse coa realidade que viven as propias persoas coa síndrome de Down hoxe en día. Elas senten que teñen vidas plenas, cargadas de ilusións e proxectos. Por iso reivindican unha imaxe acorde coa autonomía da que xa gozan, que lles dá acceso a unha vida sen límites.

Para demostrar os estereotipos que aínda persisten na sociedade, desde Down España levaron a cabo un experimento social no que escolleron ao azar a 25 persoas de diferentes idades, nacionalidades, gustos e intereses, entre as que había unha persoa coa síndrome de Down.

Todas realizaron un cuestionario sobre as procuras que habitualmente realizan na internet. Para rebuscar nos perfís de cada unha delas, contratamos á experta analista de datos e ciberinvestigadora, Selva Orejón, á que só mostramos as procuras realizadas por Oriol Cano, un home de 47 anos coa síndrome de Down. Querían comprobar se ela lograba identificar quen era a persoa detrás de preguntas como Como adelgazar sen deixar para comer? ou Como levar unha relación a distancia? ou Que pasa se quedo só? Cuestións que fixeron dubidar á experta acerca de quen estaba tras elas.

Lograría a analista recoñecer á persoa coa síndrome de Down entre todos os perfís? Ese é o desafío ao que se enfrontan hoxe en día miles de cidadáns e cidadás ao coñecer e tratar ás persoas coa síndrome de Down, limitadas por multitude de prexuízos e estereotipos.



O signo + como símbolo de apoio

Desde as entidades Down de España puxemos en marcha o 21 de marzo unha potente campaña en redes sociais convidando á sociedade a unirse ao noso colectivo co hashtag #NoSomosUnEstereotipo, que chegou a converterse en Trending Topic en Twitter.

Para iso, pedimos que todas as persoas que quixeran mostrar o seu apoio ao noso colectivo se fixeran unha foto facendo o signo + coas mans, co que quixemos simbolizar que as persoas coa síndrome de Down son moito máis que un estereotipo e que teñen moito que achegar á sociedade.





Administracións, medios de comunicación e o ámbito educativo colaboran na difusión do Día Mundial da Síndrome de Down

Os principais monumentos das sete grandes cidades de Galicia conmemoraron o Día Mundial da síndrome de Down.

A Cidade da Cultura, a ponte das correntes en Pontevedra e a ponte romana de Ourense, o teatro Jofre e a fonte do Cantón de Molíns en Ferrol, as casas do concello de Lugo e Santiago de Compostela, a Fonte de Catro Camiños na Coruña e as da Rúa Aragón en Vigo, a pasarela peatonal Tanxurela de Lugo, ou os edificios da Deputación de Lugo e San Caetano en Santiago de Compostela estiveron iluminados de azul e amarelo na tarde-noite do 20 e do 21 de marzo.

Implicación dos medios de comunicación galegos

Un ano máis, os principais medios de comunicación do país quixeron implicarse na visibilización das persoas coa síndrome de Down co gallo do 21M.

Televisións, radios e xornais impresos e dixitais deron cobertura aos eventos realizados pola Federación e as súas entidades, ademais de producir reportaxes e diferentes entrevistas.

Ademais, 14 dos principais xornais galegos colaboraron tamén co Departamento de Comunicación de Down Galicia para apoiar as súas campañas. Moitos deles publicaron un anuncio de sensibilización na súa versión impresa, mentres outros, coma Nós Diario, realizaron cobertura sobre as demandas realizadas neste Día Mundial.

Participación de centros educativos e universidades

Universidades e centros educativos galegos tamén quixeron colaborar na difusión deste 21 de marzo.

Deste xeito, as tres principais universidades galegas, USC, UVigo e Universidade da Coruña, difundiron o vídeo e a cartelaría da campaña da Federación en moitas das pantallas das súas facultades. Ademais, enviaron tamén información por correo electrónico sobre a síndrome de Down e o labor de Down Galicia a gran parte do seu alumnado e profesorado.

Por outra banda, decenas de centros educativos quixeron participar na campaña "#NoSomosUnEstereotipo, somos muchos más" en redes sociais, subindo fotografías co signo +.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola súa banda, enviou a tódolos centros educativos galegos información facilitada pola Federación, na que se achegaban recursos cos que poder traballar a realidade da síndrome de Down nas aulas.

Desde a Federación agradecemos a todos e todas elas a súa fundamental colaboración para a eliminación dos prexuízos.



A Cidade Da Cultura de Galicia, iluminada a noite do 21M

Éxito da taza Down vendida por La Voz de Galicia, que se esgota nos quioscos

"Na diferenza está a riqueza" é o lema co que as entidades Down en Galicia e La Voz de Galicia puxeron á venda este mes unha cunca metálica de estilo vintage con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down de 2023.

A venda deste produto ofreceu a todas aquelas persoas que o desexaron a oportunidade de colaborar de forma directa cos programas de inclusión e autonomía persoal que desenvolven as entidades Down en Galicia.

Deste xeito, toda aquela persoa que estea interesada en adquirir esta cunca debeu reservala no seu quiosco máis próximo desde o luns 13 ata o xoves 16 de marzo, para poder recollela co xornal La Voz de Galicia entre os días 20 e 26 de marzo por tan só 4,95€.



A gran acollida do produto, limitado a 1.000 unidades distribuídas por La Voz de Galicia, fixo que se esgotase incluso antes de rematar o prazo de recollida.

Esta cunca metálica, de 380ml de capacidade e estilo retro, presenta un atractivo deseño elaborado pola artista ourensá Olalla Diéguez Boó. A colorida ilustración ten por título "Wonderfully different" e baséase no concepto de que, ao igual que hai animais que poden parecer idénticos pero son únicos na súa especie, non existen dúas persoas coa síndrome de Down iguais.

Esta iniciativa englóbase dentro da campaña "Non somos un estereotipo, somos moito máis" levada a cabo pola Federación Down Galicia e polo resto de entidades Down de España para conmemorar este Día Mundial da Síndrome de Down, e é posible grazas á colaboración desinteresada de La Voz de Galicia, que doará a Down Galicia o beneficio íntegro de cada cunca vendida co seu xornal.

A autora tras a ilustración

Olalla Diéguez Boó, natural de Matamá (Laza), é deseñadora gráfica, pintora e ilustradora creativa. Atraída polo audiovisual galego traballou na CRTVG como grafista, compartindo estes traballos coa docencia na escola de Arte ECO. Dende nena amosou unha especial sensibilidade para conectar coa natureza e transmitir a esencia das persoas e dos lugares. Ademais, Olalla é tamén pintora de caretas de peliqueiro, entroideira e nai dunha pequena, Aura, que ilumina o seu día a día.

Down Galicia lanza unha guía cos principais recursos sobre atención sanitaria de persoas coa síndrome de Down

A Federación Down Galicia vén de publicar a "Guía de recursos sobre a atención sanitaria de persoas coa Síndrome de Down", un documento co que quere orientar ás e aos profesionais sanitarios na busca de resposta ás necesidades de atención sanitaria das persoas coa síndrome de Down cara un envellecemento saudable.

A guía recompila as principais publicacións existentes sobre a saúde das persoas coa síndrome de Down dividíndoas en dúas seccións: atención integral á saúde e áreas específicas de atención.

No primeiro grupo recóllense materiais divulgativos como o "Programa Español de Saúde para persoas coa síndrome de Down" de Down España ou outros documentos sobre a atención en urxencias, os coidados de enfermería ou as recomendacións de saúde para persoas adultas coa síndrome de Down, entre outros.

Na sección máis específica atopamos información sobre atención bucodental, otorrinolaringoloxía, xinecoloxía, oftalmoloxía, saúde mental e neuroloxía, xeriatría e xerontoloxía.

Grazas a esta ferramenta, as e os traballadores sanitarios tamén poderán dispoñer dunha táboa que recolle aos principais profesionais de referencia para consultar calquera dúbida ou cuestión sobre este recurso.

A "Guía de recursos sobre a atención sanitaria de persoas coa Síndrome de Down", que reúne a mellor, máis completa e fiable información sobre a saúde do colectivo en todas as etapas da súa vida, foi elaborada polo Grupo de Traballo en Atención Médica que coordina a Federación e no que participan profesionais do ámbito sanitario, así como profesionais das distintas entidades Down en Galicia.



Accede á Guía de recursos de atención sanitaria

As entidades de Down Galicia fan os seus espazos máis accesibles da man de Autismo Galicia

A accesibilidade cognitiva é un privilexio para toda a sociedade, destinada a facilitar a información que chega da nosa contorna. Por iso, a Federación Autismo Galicia está a colaborar xunto con Down Galicia, implantando medidas de accesibilidade cognitiva na súa sede de Santiago.

Gracias á colaboración entre ambas entidades, o servizo de accesibilidade cognitiva da FAG foi o encargado de realizar unha avaliación da contorna da sede de Down Compostela e Down Galicia. Como resultado desta avaliación, implantáronse unha serie de medidas concretas en accesibilidade cognitiva adecuadas ás necesidades espaciais da entidade e o perfil das persoas que empregan os espazos.

Deste xeito mellórase o espazo para tornalo máis amable e participativo para todas as persoas que cada día conviven e traballan na entidade Down.

A accesibilidade cognitiva é unha realidade

Coa entrada en vigor da Ley 6/2022, de 31 de marzo, de modificación del Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social, aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de noviembre, para establecer y regular la accesibilidad cognitiva y sus condiciones de exigencia y aplicación, instáurase en España un precedente lexislativo para mellorar a participación -en todos os estamentos sociais- de toda a cidadanía.

A accesibilidade cognitiva xa é lei, e dende Federación Autismo Galicia traballan a prol dunha sociedade onde as barreiras -físicas, sociais e/ou cognitivas- queden asolagadas polas boas prácticas en accesibilidade. Grazas a entidades como Down Galicia, que se suman ao impulso de accións e estratexias concretas en accesibilidade cognitiva, vanse achegando os recursos e oportunidades á comunidade, e máis concretamente, ás persoas con necesidades neste eido.


De cara ao futuro

Esta primeira acción na sede de Down Galicia na capital galega, abre as colaboracións a nivel rexional que se levarán a cabo entre Down Galicia e Autismo Galicia. Co fin de continuar instaurando medidas en accesibilidade cognitiva, mellorando así o acceso nas súas instalacións e impulsando actuacións para a participación equitativa das súas persoas usuarias, ambas federacións traballarán para fomentar as boas prácticas en accesibilidade cognitiva nas entidades Down de Pontevedra, Lugo e A Coruña.

Deste xeito, Federación Autismo Galicia e as entidades de Down Galicia, embárcanse nun proxecto conxunto, baixo unha mesma visión de mellora social e de reivindicación dos dereitos das persoas con discapacidade e dificultades cognitivas a través do proxecto de mellora da accesibilidade cognitiva nas súas contornas.







Cartelería instalada na sede de Down Compostela e Down Galicia

Down Galicia reivindica o dereito a unha educación inclusiva no Día Internacional da Educación

O Día Internacional da Educación, 24 de xaneiro, é unha efeméride coa que neste 2023 Nacións Unidas pon o foco na necesidade de investimento nas persoas e a prioridade da educación. Aproveitando esta sinalada data, a Federación Down Galicia quixo reivindicar novamente a importancia da construción dun modelo educativo inclusivo baseado nos principios de calidade, equidade, flexibilidade e respecto á diversidade.

As sociedades avanzadas deben estar dotadas de institucións capaces de garantir o dereito a unha educación inclusiva a toda a poboación, sen excluír a ningún individuo por ningunha causa. É dicir, deben garantir, sen condicións, a inclusión educativa nos centros ordinarios coa presenza, participación e aprendizaxe de todo o alumnado.

A educación inclusiva implica cambios para dar resposta ao modelo social de apoio e atención ás persoas con discapacidade fronte ao modelo rehabilitador existente. As persoas con discapacidade non son a raíz do problema, senón que o son as diferentes barreiras coas que se atopan e as limitacións da propia sociedade para prestar servizos apropiados e para asegurar adecuadamente que as necesidades das persoas con discapacidade sexan tidas en conta dentro do sistema educativo.

Por este motivo, desde hai 25 anos, a Federación Down Galicia loita para que todo o alumnado acceda á educación ordinaria e participe en igualdade de condicións, contando con apoios, modificando todo aquilo que sexa preciso e propoñendo solucións ás barreiras existentes.

Pero queda moito camiño por percorrer. Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, indica de forma tallante que "actualmente non existe a educación inclusiva" e amósase sorprendido "cos datos que publica a administración autonómica sobre o tema e que non son certos, xa que están a chamar educación inclusiva a algo que non o é".

A educación inclusiva: un dereito fundamental

A educación é un dereito fundamental e facelo efectivo esixe garantir que todos os nenos e nenas teñan acceso a un sistema educativo de calidade en igualdade de oportunidades. Un sistema que recoñeza o valor da diferenza e apoie a todo o alumnado para conseguir o seu máximo desenvolvemento.

A Federación leva anos poñendo de manifesto que o sistema educativo español é discriminatorio coas persoas coa síndrome de Down e con outras discapacidades intelectuais e vulnera o establecido nos tratados internacionais.

O dereito a unha educación inclusiva está avalado pola Convención Internacional da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Esta Convención é de obrigado cumprimento en España ao ter rango de tratado xurídico internacional de Dereitos Humanos.

Down Galicia actualiza a súa "Guía de orientación académica e profesional"

A Federación Down Galicia vén de publicar unha nova reedición da súa "Guía de Orientación Académica e Profesional para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual", un completo documento no que aquelas persoas que o desexen poderán atopar información moi útil sobre as diferentes opcións existentes en Galicia.

Esta guía foi creada co obxectivo de facilitar ás persoas pertencentes a este colectivo a busca dos mellores camiños e alternativas formativas e profesionais posibles, podendo tomar a continuación unha decisión de forma libre, reflexionada e responsable.

Neste sentido, o seu contido está encamiñado tanto a simplificar a elección dos itinerarios académicos, se o desexo é continuar no sistema educativo, como a facilitar a inserción laboral e profesional dos mozos e mozas que dan por terminada a súa formación.

A información preséntase dunha forma clara e sinxela e está dividida ao redor de dous grandes bloques: as opcións de formación e as alternativas e modalidades de emprego que as persoas con discapacidade teñen á súa disposición. Deste xeito, esta guía contén referencias sobre as formas de acceso, as saídas profesionais, a duración ou as modalidades das diferentes opcións formativas e profesionais, así como unha serie de recursos especificamente dirixidos ao colectivo.

A importancia da orientación académica e profesional

Entre as dificultades máis relevantes coas que a miúdo se atopan familias e persoas con discapacidade intelectual á hora de elixir entre as diferentes alternativas formativas e profesionais, está a de non dispoñer dunha serie de criterios que lles axuden na toma de decisións e na configuración dun itinerario formativo e/ou laboral a seguir. De aí a importancia da orientación académica e profesional como unha das principais ferramentas facilitadoras de inserción socio-laboral e do traballo conxunto entre persoas con discapacidade, familias e servizos de orientación.



Accede á Guía de Orientación

Teima e Down Coruña galardoadas cos Premios Boas Prácticas da Deputación da Coruña

As asociacións Teima Down Ferrol e Down Coruña foron dúas das entidades gañadoras dos II Premios de Boas Prácticas en Servizos Sociais da Deputación da Coruña, un recoñecemento ás institucións que traballan no eido social e na protección dos colectivos máis vulnerables na provincia.

Desta forma, os proxectos "Marcho que teño que marchar" e "Quiosco de Down Experience" foron escollidos polo xurado para acadar este recoñecemento, consistente nunha figura elaborada polo obradoiro Keramicos de APEM Coruña e 10.000 euros en metálico.

O IES Rosalía Mera da Coruña foi o escenario da entrega destes galardóns, aos que concorreron máis de medio centenar de entidades que desenvolven a súa actividade en áreas como atención á infancia e a mocidade, persoas con discapacidad, maiores, inmigración, apoio a persoas trastornos aditivos ou persoas en risco de exclusión social.

Nesta edición tamén resultaron premiadas a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista TEA (Aspanaes) e a Asociación Ámbar, completándose os galardóns con dúas mencións honoríficas á Asociación pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) e á Asociación Integro de Personas con Diversidade Funcional.

Os proxectos de Teima e Down Coruña

"Marcho que teño que marchar" é un proxecto centrado no fomento da vida independente. Patricia Serantes, presidenta de Teima Down Ferrol, quixo dar as "grazas pola confianza e polo respaldo que supón para unha entidade pequena e humilde un premio coma este".

Pola súa parte, o "Quiosco Down Experience" é unha iniciativa de inserción sociolaboral no eido da restauración, na que persoas con e sen discapacidade desenvolven os coñecementos propios da profesión de barista e traballan ofrecendo cafés, bocadillos de luras e outras propostas gastronómicas aos clientes que os visiten no local do que dispoñen na Praza de Ourense da Coruña.

Ricardo Santos, presidente de Down Coruña, destacou que no relativo á inclusión das persoas coa síndrome de Down "un dos ámbitos máis importantes é o laboral" e convidou ás asistentes a "ir ao quiosco, probar o bocata de luras e pasalo ben".



Entidades premiadas xunto coas autoridades da Deputación





Entrega dos premios a Teima [foto superior] e Down Coruña [foto inferior]

Down Compostela presenta en Ecuador o seu programa para a mellora das competencias dixitais

A Fundación Down Compostela vén de participar no seminario online internacional que a Fundación Fasinarm de Ecuador organizou con motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Neste ciclo de conferencias virtual, a entidade presentou o seu Programa de mellora de competencias dixitais na etapa de vida adulta, posto en marcha durante a pandemia e no que participaron de forma activa persoas con discapacidade que acoden á Fundación.

A coordinadora do programa de Inclusión Social e Laboral de Down Compostela, Aloia Lema, e a logopeda Rebeca Esmorís, que compartiron protagonismo con outras persoas expertas españolas, ecuatorianas, arxentinas e colombianas, expuxeron como xurdiu esta iniciativa, como se desenvolveu durante a pandemia e como continúa na actualidade.

As dúas profesionais explicaron como durante a pandemia deseñáronse e puxéronse en marcha estratexias para mellorar as competencias dixitais a través de diferentes ferramentas e iniciativas. Un novo enfoque que xerou un cambio de formulación, pasando da formación instrumental á abordaxe transversal das novas tecnoloxías, que permitiu poñer en marcha diferentes proxectos que contribuíron a minimizar os riscos da fenda dixital durante a crise sanitaria xerada polo coronavirus, e que hoxe seguen espertando o interese das persoas usuarias de Down Compostela.

Ademais, o traballo realizado durante a pandemia para fomentar o uso das novas tecnoloxías tivo continuidade a través de dous proxectos. Un deles é a exposición Iguais.gal, que ten por obxectivo reivindicar a diversidade, o feminismo e as novas tecnoloxías como elementos crave na nosa sociedade e que percorreu xa varios centros socioculturais de Santiago. O segundo, que se puxo en marcha recentemente, trátase do Telexornal DC, un informativo no que as persoas con discapacidade contan as noticias que lles chamaron a atención da súa contorna máis próxima e que facilita a mellora da expresión oral e o uso das novas tecnoloxías.

Pero ademais de presentalo neste seminario internacional, o equipo de Inclusión Social e Laboral de Down Compostela xa dera a coñecer este proxecto con anterioridade. Aloia Lema Tilve asina un extenso traballo publicado o mes de marzo de 2021 no número 37 de Revista Síndrome de Down Vida Adulta.



“Estou contenta de ter un traballo para toda a vida que me permita seguir sendo independente”

Estefanía Lorenzo é unha moza de 29 anos, membro de Down Ourense, que a finais do pasado ano, tras superar un concurso-oposición, conseguiu unha praza fixa como persoal de servizos xerais do Servizo Galego de Saúde.

Concretamente, comezou a traballar no Centro de Orientación Familiar (COF) de Ribadavia, onde, tal e como ela mesma comenta, as súas tarefas son “levar as axendas de citación de catro profesionais diferentes, que son o traballador social, psicoloxía, matrona e xinecoloxía, dando citas polo ordenador, atendendo as chamadas telefónicas e dando citas de forma presencial”.

Estefanía asegura que “foi algo inesperado” porque “o día do exame puxeron preguntas bastante rebuscadas para que moitos suspenderan”, pero todo saíu ben porque dedicou moitas horas á preparación desta proba, “desde o ano 2019 ata abril de 2021”.


As súas preparadoras laborais en Down Ourense confirman que este gran éxito foi conseguido a base de moito esforzo e dedicación: “É unha persoa moi tenaz e constante, o que fai que se propoña un obxectivo e intente acadalo de tódolos xeitos posibles”.

Estefanía afirma estar moi contenta no seu novo posto de traballo, no que xa ten preferencia por algunha tarefa: “O que máis me gusta é dar as citas co ordenador e o que menos atender as chamadas telefónicas”.

Para o perfecto desenvolvemento de todas estas tarefas conta co apoio das preparadoras laborais de Down Ourense, que a acompañarán ata cando se desenvolva con total autonomía. “O apoio que está a recibir Estefanía é o mesmo que se lle da a calquera das persoas que se incorporan a un posto na empresa privada, no que unha preparadora laboral acode a diario coa persoa usuaria ata que se adquiren as diferentes tarefas do posto e se vai sendo cada vez máis autónomo na realización das mesmas” explica Nuria Formoso, profesional da área de emprego de Down Ourense.

“Neste caso concreto, o apoio tamén o está a realizar unha compañeira que fai o mesmo traballo en O Carballiño e que acudirá a Ribadavia para formar a Estefanía e á súa preparadora laboral durante o tempo necesario”, aclaran desde Down Ourense. “Posteriormente, Estefanía e mais ela conformarán un equipo, xa que ambas desempeñan a súa labor no Centro de Orientación Familiar de Carballiño-Ribadavia, e van compartir tarefas cada unha nunha vila”.

O traballo das preparadoras laborais tamén se centra na interacción da persoa que comeza a traballar cos seus novos compañeiros e compañeiras. Estefanía afirma que, nos días que leva, “aínda non me deu tempo a coñecelos a todos, pero coas persoas que levo tido contacto teño boa relación”.



Estefanía no seu posto de traballo

Down Vigo e Carrefour amplían a súa colaboración cunha nova contratación laboral

Down Vigo e a empresa Carrefour veñen de reforzar a súa colaboración coa contratación dunha nova persoa usuaria da entidade, reforzando así o compromiso coa inclusión das discapacidades intelectuais no mercado laboral ordinario. Trátase de Rubén que, desde outubro, forma parte do persoal de limpeza do hipermercado que a compañía ten no Centro Comercial Gran Vía da cidade olívica. As súas funcións, tal e como el explica, son "limpar as oficinas e a tenda". O seu contrato súmase ao de outra persoa usuaria, que xa forma parte do persoal da tenda desde o ano 2014.



Rubén tras asinar o seu contrato

Rubén uniuse a Carrefour Vigo II en xuño e, tras uns meses demostrando a súa valía, a empresa recompensou o seu esforzo cun contrato dun ano de duración asinado no mes de outubro. Antonio Iglesias, Director de Recursos Humanos de Carrefour, destaca de Rubén "a súa rápida adaptación ao posto, o seu compromiso e a súa ilusión. Había unha frase que repetiu varios días: "Toño, cando empezo?".

A reacción de Rubén ante a sinatura deste novo contrato é de alegría, pero tamén de orgullo ao ver a súa gran evolución no seu traballo e os resultados do seu esforzo: "Cada día véxome mellor e máis rápido". Sobre isto, Antonio Iglesias indica que "a nivel persoal síntome feliz ao ver a evolución tan positiva de Rubén e o logro de superar as dificultades de comunicación, que hoxe parécenme xa moi afastadas".

Sendo consciente de que aínda hai cousas que mellorar e que traballa todos os días por superarse, Rubén ten claro o seu obxectivo: "Gustaríame seguir aquí moito tempo e esfórzome porque quero conseguilo".

A colaboración de Down Vigo e Carrefour Vigo II comezou o seu percorrido no ano 2007. Neste tempo, foron varias as persoas do Servizo de Emprego con Apoio da entidade as que melloraron a súa experiencia laboral na cadea de hipermercados, ben sexa a través de prácticas ou grazas a contratos en distintos postos de traballo, como persoal de caixa ou de reposición. Como afirma Antonio Iglesias, "a incorporación de Rubén ao noso equipo de traballo reafirma o compromiso que temos coa integración de persoas con diferentes capacidades".

Carlota asina o seu primeiro contrato de traballo

Carlota Mosquera Ramil, una moza coa síndrome de Down de 27 anos e usuaria da asociación Down Lugo, acaba de asinar o seu primeiro contrato laboral. Desde esta mesma semana traballará de xeito indefinido como axudante de dependenta no local que a compañía Tiger ten na capital lucense.

A relación coa empresa comezou a finais do mes de xaneiro, cando Carlota iniciou na tenda o período de prácticas dun curso de atención ao cliente que estaba a realizar. E tan só tres días despois do remate destas prácticas, Tiger púxose en contacto con Down Lugo para interesarse na súa contratación.

Nestes momentos traballa tres días á semana, nos que se despraza de maneira autónoma desde o seu Vilalba natal, sendo un exemplo máis de que a inclusión social e laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais é posible.

Carlota leva anos formándose para acadar un posto de traballo. Ademais do título da ESO, conta na súa experiencia cun AFD de atención ao cliente, un obradoiro de emprego en gravación de datos e unhas prácticas formativas na oficina que BBVA ten en Vilalba, entre outras.

Desde Down Galicia queremos darlle os parabéns a Carlota e as grazas a Tiger por poñer o seu gran de area na construción dunha sociedade máis inclusiva.



Carlota no seu centro de traballo

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Instagram.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Consulta a nosa política de privacidade



DOWN Galicia

Peche do acto do 21M co público en pé
no Teatro Principal de Ourense